

Inmaculada López Silva. 2015. *Resistir no escenario: Cara a unha historia institucional do teatro galego*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Universidade de Santiago de Compostela. 402 pp.

Non é sorprendente que calquera diálogo ou debate acerca do teatro galego, presente ou futuro, remate xirando arredor das diversas trabas ás que se enfrontan tanto profesionais como amadores. Os primeiros poñen o acento na precariedade na que exercen o seu oficio, os segundos reiteran o baleiro no que se sitúa a súa actividade, e todos coinciden en lamentar a escaseza de orixinais e a timidez dos públicos. Mais hai tamén outra carencia que delata o teatro galego coma un sistema mutilado. Referímonos á necesidade pendente e urxente de acrecentar o número de estudos acerca do teatro en Galicia. Sen dúbida, houbo e hai voces cunha capacidade excepcional para articular discursos de gran valor acerca dos varios aspectos da práctica teatral (Manuel F. Vieites, Cándido Pazó); tamén contamos con rigorosísimos e moi interesantes traballos que afondan na historia da actividade teatral en Galicia (Laura Tato, Dolores Vilavedra, Francisco Pillado). A lista de autores e títulos podería ser –afortunadamente– moi longa. Porén, cómpren aínda máis traballos acerca do fenómeno teatral que, cunha sólida base teórica, poñan de relevo a significación do caso do teatro galego como teatro minorizado e minoritario relevante alén das nosas fronteiras culturais.

Con *Resistir no escenario: Cara a unha historia institucional do teatro galego*, a escritora e investigadora Inmaculada López Silva vén paliar un baleiro na literatura sobre teatro galego, á que ela mesma ten feito xa outras achegas significativas ao longo dos anos. Referímonos a monográficos como *A recepción do teatro galego contemporáneo (1990-2000)* (Universidade de Santiago de

Compostela, 2003) e *Teatro e canonización: a crítica teatral na prensa periódica galega (1990-2000)* (Tris Tram, 2005), así como a un número considerable de artigos e contribucións a volumes colectivos. Tamén cabe lembrar aquí a súa participación na elaboración do informe *As artes escénicas en Galicia: situación e perspectivas* (Consello da Cultura Galega, 2013) e, como non, a súa actividade docente na ESAD de Galicia.

Este libro toma como base a tese doutoral da súa autora, un vasto traballo de referencia ineludible para investigadores do fenómeno teatral en Galicia, que agora aparece reencarnado en monográfico, incorporando as necesarias actualizacións para traer os lectores ata o momento presente. Móvese López Silva fundamentalmente dentro do marco teórico dos Polisistemas, con Itamar Even-Zohar como referencia clave ao longo do libro. Tamén sobresaia a aplicación dos conceptos de Pierre Bourdieu ao caso galego que, xunto coas outras fontes manexadas, evidencia o amplo coñecemento que López Silva ten dos teóricos franceses, sen quedar restrinxida a esta tradición. Non é infrecuente que ensaios sobre produción cultural en Galicia recorran a conceptos tales como centro e periferia ou campo cultural, delimitados por Even-Zohar, e que tan ben lle acaen ao estudo das culturas minorizadas. Mais aquí a autora non se limita a percorrer regos teóricos tan ben marcados no contexto galego. A amplitude da súa perspectiva queda de manifesto non só cando perfila o marco teórico de cada capítulo, senón tamén nunha cumprida bibliografía de trinta páxinas estruturada en áreas temáticas que, se ben ralentizan a consulta das fontes durante a lectura, convértena nun material de consulta inestimable por si mesmo.

Resistir no escenario vén dividido en cinco capítulos, precedidos dun breve limiar, e pecha o libro unha “conclusión imposíbel” (López Silva 2015: 342), que evita caer no agoiro dramático. E é que López Silva persiste no seu rol de investigadora e consegue manter unha valiosa distancia crítica, a pesar da súa evidente e duradeira implicación, a diversos niveis, co teatro galego.

O primeiro capítulo, “O sistema teatral galego, hoxe”, consiste, como o seu título indica, nunha descrición polo miúdo das principais facetas do teatro en Galicia e dos factores que as afectan, desde os seus axentes (escritores, directores, compañías etc.) ata as institucións, pasando polos espectadores. Fundamentalmente, atopamos aquí unha aplicación de teorizacións relevantes ao contexto galego, iluminada con referencias concretas á práctica teatral,

histórica e presente. A autora detense, necesariamente, en tratar cuestións como ‘a normalidade e anormalidade’ do sistema galego, e explora desde diferentes ángulos a problemática do epíteto ‘galego’, en tanto en canto o noso entendemento do concepto “teatro galego” está esencialmente condicionado por unha perspectiva política e politizada” (López Silva 2015: 31) e sempre ancorado na situación de conflito na que se desenvolve. Nesta sección máñanse datos estatísticos interesantes sobre o perfil dos espectadores, dos que as mulleres emerxen como maioría nos patios de butacas (López Silva 2015: 57). Ademais, chaman a atención os termos, obviamente guiados, nos que os espectadores describen o teatro galego no cuestionario para a Rede Galega de Teatros e Auditorios conducido por Cidadanía no ano 2006: “bastante moderno, bastante crítico, bastante divertido, bastante atractivo, bastante profesional e bastante próximo” pero “pouco sofisticado” (López Silva 2015: 57). A través das diferentes seccións, abórdanse moitas das recoñecidas eivas do teatro galego en relación á falla de públicos. Partindo das reflexións do director Xúlio Lago, a autora delibera sobre o impacto de factores como a itinerancia, “o odio polo propio” e as responsabilidades dos xestores culturais no “desencontro entre teatro galego e público” (López Silva 2015: 61-62). Queda así establecida nestas seccións a trepia do teatro en Galicia, á que retornaremos nos sucesivos capítulos: axentes, institucións e público.

19

O capítulo dous, “As institucións políticas e o campo do poder”, deliña o concepto de teatro como servizo público e a súa materialización en Galicia. Neste extenso apartado, de máis de cen páxinas, preséntasenos unha descrición polo miúdo dos documentos relativos á creación do IGAEM e á fundación do CDG, entre outros áridos textos oficiais. É loable o compromiso e o celo co que López Silva descodifica para o lector páxinas e páxinas de xerga burocrática nas que poucos ousan mergullarse, malia que incumben tanto a estudosos do teatro coma ao conxunto dos cidadáns. Nesta densidade descritiva, queda parcialmente agochada unha interesantísima sección, “A procura dos públicos e o capital simbólico do repertorio” (López Silva 2015: 135-149), na que se fai un percorrido esclarecedor das obras levadas á escena pola compañía institucional galega desde a súa xénese. Son especialmente valiosas as conexións que a autora traza entre iniciativas de organización e planificación governamental e outras promovidas desde o gremio profesional (López Silva 2015: 173 e seguintes), de xeito que podemos apreciar como as segundas precederon e activaron as primeiras. Así mesmo, a autora expón o contradictorio das reestruturacións institucionais, evidenciado, por exemplo,

na problemática aplicación da etiqueta “industria” ás artes escénicas en vivo que se impón coa aparición da AGADIC (López Silva 2015: 195).

No capítulo tres, “O papel das institucións na difusión do teatro”, acomete a descrición da institucionalización en Galicia en tanto en canto esta pode e debe facilitar a chegada dos produtos teatrais a un público e, como emerge da análise de López Silva, debe tamén asumir a obriga de crear público. A perspectiva aplicada é ampla, cun tratamento pormenorizado que atende tanto á evolución diacrónica coma á praxe contemporánea. A análise aquí exposta encamiña os lectores á conclusión de que os destinos do teatro en Galicia están con frecuencia en mans de administradores con escaso coñecemento da realidade, non só dos axentes senón tamén dos públicos. De novo, a cantidade inxente de información achegada e o peso descritivo do capítulo arrecantan as lúcidas reflexións de López Silva.

O seguinte capítulo, “As institucións profesionais”, expón a evolución do asociacionismo no gremio teatral, centrándose en tempos máis recentes, tal e como dita a liña de acontecementos. Neste percorrido, que dá lugar a unha sección notablemente máis breve que as outras, a autora foxe da anécdota aínda que transpira, sen lugar a dúbidas, o seu profundo coñecemento dos ‘oficios teatrais’ en Galicia. Así, aparecen aquí consideracións importantes arredor da crecente complexidade do sistema galego e “[á] súa integración cada vez máis imprescindíbel nun *mercado*” (López Silva 2015: 254) que demanda maior definición e especialización “nun eido artístico eminentemente artesana [*sic*] como é o teatro” (López Silva 2015: 254). O asociacionismo profesional emerge como causa e consecuencia da evolución do que se entende por ser profesional do teatro no contexto galego. Non esquece a autora recoller a visibilidade dos profesionais galegos en institucións e asociacións a nivel estatal, revelando, por exemplo, que só tres galegos son membros da Asociación de Autores de Teatro (López Silva 2015: 272), un dato que ela interpreta á luz das relacións intersistémicas.

O derradeiro capítulo, “As institucións canonizadoras e o establecemento do réxime de valor”, reintroduce a énfase teórica que caracteriza as primeiras páxinas do libro para despois someter a exame os procesos de canonicación e a noción de canonicidade no sistema teatral galego. De aquí emerge unha interesante hipótese que, ante a evidencia presentada, non podemos menos que subscribir: o teatro galego vén sobrevivindo “sen un canon estáti-

co propio e cun canon dinámico difuso”, en parte por estar caracterizado pola heteronomía, “polo contacto co sistema literario e mesmo co audiovisual” (López Silva 2015: 284), pero tamén en gran medida polas particularidades definitorias do contexto galego. Así, López Silva vai alén do campo teatral para expor a devandita influencia do audiovisual como elemento canonizador en Galicia. Tamén fai unha avaliación da crítica teatral nas publicacións periódicas galegas, subliñando o carácter voluntario que marca o exercicio desta actividade que “bate aquí de fronte coa carencia de formación específica nos parámetros de análise e valoración do teatro, de xeito que as consecuencias para a mesma arte que eles queren atender e valorar, desde o seu espazo na prensa, son negativas” (López Silva 2015: 293).

Na conclusión que, como dixemos, leva o epíteto de “imposíbel” por rexeitar aventurarse “polos (pouco científicos) camiños da profecía, a relixión ou a crenza” (López Silva 2015: 344), a autora non teme facer recomendacións de cara ao futuro. Unha vez máis, demostra a súa implicación coa “realidade hoxe indiscutíbel que se chama teatro galego” (López Silva 2015: 345) que, malia as súas doenzas, semella estar deixando atrás a fase “emerxente”.

A edición deste volume, que chega a nós nun coidado formato, correu a cargo do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, coa colaboración da Xunta de Galicia. Porén, hai algúns erros tipográficos, que non chegan a ser intrusivos, pero suxiren que a densidade do material puido dificultar o proceso de revisión, como delata a referencia á biblioteca da Cidade da Cultura en tempo futuro como “lugar idóneo” para albergar un centro de documentación, investigación e divulgación teatral (López Silva 2015: 190), un proxecto de improbable realización, xa desde a perspectiva do presente. A estrutura en epígrafes numerados e xerarquizados, malia que necesaria, dificultaría a utilización deste libro para a consulta. Esta, consideramos, sería unha das súas funcións clave, xa que estamos perante un traballo ‘bíblico’, no senso etimolóxico da palabra: temos aquí moitos libros nun. Este amplo e exhaustivo monográfico proporciona tanto ferramentas para a análise como materiais para a reflexión acerca das múltiples facetas do teatro galego, non só do aspecto institucional. Aínda máis: o caso da escena galega, que a autora ergue aquí sobre uns alicerces teóricos ben sólidos, preséntase como un punto de partida idóneo para afondar na consideración da práctica teatral en contextos minorizados e minoritarios.

López Silva métese no estómago da balea teatral galega e emerxe brandindo un retrato feito desde o respecto, mesmo desde o amor, e sen dúbida desde o interese, mais que non adoce nin de retoques nin de catastrofismos. É, por tanto, ben apto que a autora na súa conclusión nos invoque a mirar cara ao futuro.

Elisa Serra Porteiro
University College Cork